

CERTIFICACIÓN

Rogelio Pardo Martínez, secretario accidental do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 05 de xullo de 2024, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

PUNTO OITAVO. CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E REQUIRIMENTO DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DAS OBRAS DE ADECUACIÓN EN NAVE EXISTENTE PARA A IMPLANTACIÓN DUNHA COCIÑA E LOCAIS ANEXOS AUXILIARES. EXPEDIENTE GD 9701/2024

A Xunta de Goberno Local do 06.06.2024 aprobou o expediente de licitación, mediante procedemento aberto simplificado cun único criterio de valoración, as obras Adecuación en nave existente para a implantación dunha cociña e locais anexos auxiliares.

Tramitado o expediente de licitación, a Mesa de Contratación na súa reunión do 28.06.2024 procedeu a apertura das ofertas económicas, e unha vez feitos os cálculos comprobouse que ningunha das tres empresas presentadas incorren en baixa temeraria, polo que a Mesa de Contratación formula proposta de clasificación por orden decrecente de puntuación das empresas, de acordo todo elo co previsto no artigo 83 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos do Sector Público, co seguinte resultado:

EMPRESA	CIF	Importe oferta (sen IVE)	PUNTOS
CONSTRUCCIONES D. OGANDO SL	B15209794	285.219,21 €	19,02
AQUABLUE SISTEMAS CONSTRUCTIVOS SL	B70311188	285.722,50 €	18,03
CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, S.L.	B70574397	289.936,00 €	9,68

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación de Alcaldía (decreto 1983/2023, BOP 120 do 26.06.2023), adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Clasificar, por orden decrecente de puntuación, ás empresas participantes na licitación declaradas admitidas no procedemento, coa seguinte orde:

EMPRESA	CIF	Importe oferta (sen IVE)	PUNTOS
CONSTRUCCIONES D. OGANDO SL	B15209794	285.219,21 €	19,02
AQUABLUE SISTEMAS CONSTRUCTIVOS SL	B70311188	285.722,50 €	18,03
CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, S.L.	B70574397	289.936,00 €	9,68

Segundo. Declarar que as características esenciais da referida contratación para o clasificado

en primeiro lugar, **CONSTRUCCIONES D. OGANDO SL** con CIF B15209794, son as que figuran na proposición formulada pola empresa e as que figuran nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e nos Pregos de Prescricións Técnicas.

1. Oferta económica

OFERTA DO LICITADOR	IVE (21%)	TOTAL
285.219,21 €	59.896,03 €	345.115,24 €

2. Duración do contrato

A duración inicial do contrato será de **2 meses**, a partir do día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación do reformulo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comenzo. O contrato só se prorrogará cando concorran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente.

3. Resto de condicións. O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos Pregos de Cláusulas Administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Terceiro. No prazo de **sete días hábiles**, contados desde o día seguinte ao envío a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, deberá presentar a través de dita Plataforma a seguinte documentación:

a) Índice de documentos presentados

b) Certificación acreditativa de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social.

c) Xustificación da solvencia Económica e Financeira

Debera acreditar a solvencia económica mediante os requisitos específicos de solvencia económica e financeira que se indican no PCAP.

d) Solvencia Técnica.

Deberá acreditar a solvencia técnica mediante os requisitos específicos de solvencia técnica que se indican no PCAP.

e) Garantía.

Documento acreditativo de ter constituída en calquera das formas establecidas no **artigo 108 da LCSP** unha **garantía definitiva por un importe de 14.260,96 euros** segundo se especifica nos pregos que rexeron para a licitación correspondentes ao 5% do prezo de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.

A constitución da garantía definitiva poderá facerse mediante Aval Bancario ou en efectivo mediante transferencia bancaria efectuada ao seguinte número de conta bancaria de titularidade municipal: ES52 2080 5215 3830 4000 0054

Se formulase garantía definitiva a través de Aval Bancario, poderá presentar a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, conxuntamente co resto da documentación requirida, unha copia de dito aval, debendo entregar o aval orixinal no Rexistro Xeral Municipal dentro do prazo (7 días) para presentar a documentación.

Documento xustificativo, de ser o caso, de reembolso ao concello do importe dos anuncios de licitación. O adxudicatario deberá aboar ao concello en concepto de reembolso dos gastos de publicacións dos anuncios de licitación de acordo co estipulado no artigo 75 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos do Sector Público.

f) Acreditación de dispor efectivamente dos medios persoais e materiais que se comprometera a dedicar ou adscribir á execución do contrato segundo o establecido no PCAP.

A acreditación poderá realizarse:

Medios persoais:

-Títulos académicos e profesionais do empresario e, en particular, do responsable ou responsables das obras

-Numero de traballadores que especifique se son fixos ou temporais ou calquera outra modalidade, acreditándose mediante os correspondentes contratos ou os TC

Medios materiais:

Poderanse acreditar mediante os correspondentes contratos de adquisición, arrendamento con ou sen opción de compra, arrendamento financeiro ou leasing, ou no seu caso mediante facturas ou documentos onde se concreten as subcontratacións.

- De igual modo poderá acreditarse mediante certificación de que os citados medios (que deberán describirse de forma individual indicando marca, modelo e data de adquisición) forman parte do inventario da empresa ou entidade adxudicataria.

- Asi mesmo poderase acreditar mediante certificación de inscrición no correspondente rexistro de empresas acreditadas ou equivalente.

- No entanto poderase acreditar por calquera outro medio de proba que demostre de maneira irrefutable a titularidade ou dispoñibilidade destes medios materiais para a obra obxecto do presente contrato.

Non será necesario acreditar a efectiva disposición dos medios persoais e materiais establecidos no anexo V no caso de que o contratista proposto como adxudicatario dispoña da clasificación establecida no apartado 8 do anexo I do presente prego

De non presentarse a citada documentación no prazo conferido non se poderá proceder a adxudicación do contrato ao licitador clasificado en primeiro lugar.

Cuarto. Notificar aos licitadores interesados no procedemento con indicación de que non procede recurso algún ao tratarse dun mero acto de trámite non cualificado.

Quinto. Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos

Sexto. Facultar ao alcalde do Concello de Ames, para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado.

E para que conste, para os efectos oportunos, expido a presente co visto e prace do alcalde, en Ames, a 08.07.2024, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e prace

O alcalde

José Blas García Piñeiro

O secretario accidental

Rogelio Pardo Martínez